

SOMÉRXETE NO RURAL: MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO.

Con este proxecto queremos transmitir a idea de que o rural é **divertido**: ás veces o máis próximo vólvese invisible e non é valorado nin aproveitado, aínda cando é a forma máis sa e accesible de entretemento para os que vivimos en aldeas e pequenas vilas e moitas veces envexado polos habitantes das cidades. Ao mesmo tempo opinamos que coñecer o noso entorno e patrimonio cultural nos fai medrar de forma harmónica, sentindo curiosidade e agarimo polo pasado para gozar e coidar o presente e tentar preservar para o futuro.

O noso colexio atópase rodeado de prados, cabalos, camiños, praias, flores, rías... aos que facemos saídas de forma habitual durante o curso.

Para o proxecto “SOMÉRXETE NO RURAL” preparamos unha saída co alumnado de 3º e 4º de Primaria, que nos permite facer unha chea de actividades relacionadas co patrimonio nunha xornada de 5 horas e outra co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria na que visitamos a praia mais próxima “Polas”.

PREPARACIÓN DO PROXECTO:

- Nos días anteriores á saída coa colaboración do mestre de Educación Musical, preparamos unha canción acompañada con diferentes instrumentos musicais (tubos de percusión, campás de man diatónicas, guitarras...), que nos vai permitir cantala coma un himno durante as excursións, e que acompañará ao vídeo resumo.

Dita canción foi adaptada dunha versión de “Os animais” de Luar na Lubre.

*“Queremos ir xogar todos a Nois, a Nois,
gozando todo o mundo do rural, rural,
respiramos aire ben natural,
natureza noso ben cultural,
cantando todos xuntos,
OS DO FONDO NOIS.”*

- Construimos barquiños con material de refugallo e da natureza, para xogar coa auga no lavadoiro.
- Xuntamos vestimenta para a caracterización de castrexos e castrexas e outros aparellos de coiro, madeira e cerámica, para facer dramatizacións da vida cotiá no castro de Fazouro.
- Buscamos información dos lugares polos que imos pasar.
- Seleccionamos libros para facer un momento de descanso e lectura.
- Colaboración coas familias na elaboración dos barquiños, na recolecta de vestimenta e na memorización da letra da canción.

SAÍDA DE 3º E 4º DE PRIMARIA (29/03/23):

O autobús déixanos nun área recreativa que se atopa na desembocadura do río Ouro, que nace na Serra do Xistral, na parroquia de O Pereiro, en Alfoz e discorre polo Valadouro ata chegar á desembocadura en Fazouro. Alí aproveitamos para xogar nos bambáns e escorregadoiros, e ademais facer un momento de lectura de lecer na natureza.

Continuamos o camiño atravesando a ponte por riba do río Ouro, gozamos coa paisaxe e observamos as aves acuáticas na ría (garzas, gaiivotas, patos, corvos mariños...)

Ímonos achegando á desembocadura, falamos da acumulación de materiais, da erosión, a formación das praias e da pesca. Ao fondo vemos a praia de Fazouro e recordamos o tempo en que se recollía a olga que usaban como fertilizante para as terras de cultivo ou que se vendían sobre todo para usos farmacéuticos e alimentarios.

Paramos facer saltar as pedras na auga do río Ouro, moi preto de onde se une ao mar Cantábrico, observamos os cantos rodados e recordamos que nesta zona se coñecen co nome de “xógaras”.

Continuamos camiño cantando todos xuntos o noso himno, desfrutando dos animais e vexetación que atopamos (cabalos, ovellas, flores...)

Facemos un descanso no portiño de Fazouro, aproveitando para facer adobíos con distintas flores: colares, pulseiras, pendentes, broches...

O camiño segue paralelo á vía do tren e lévanos ata o castro de Fazouro, despois de pasar os restos do foxo, buscamos un lugar cómodo e alí merendamos e descansamos outro anaquiño.

Logo, coñecemos a historia deste castro costeiro situado nunha pequena península e datado entre os séculos I e III d. C. e cunha dramatización dalgúns dos nenos e nenas, imaxinamos como vivían os castrexos e castrexas fai uns dous mil anos, que non sería tan diferente á de calquera aldea galega duns séculos atrás: vemos un núcleo familiar cociñando en cazola de barro, preparando os utensilios para a hora de xantar, carretando auga cunha ola na cabeza, escollendo grans de cereais...

No castro podemos observar os restos de varias vivendas rectangulares e unha ovalada, tamén vemos repisas, fogares e uns chanzos de lousa que fan pensar nunha casa de dous pisos.

Preparamos os instrumentos e no mesmo castro interpretamos o noso himno.

Seguimos camiñando todo ao longo da praia de Arealonga e continuamos vendo os cambios na costa cos cantís e entrantes, ata chegar ao porto baleeiro de Nois: lembramos con emoción que aquí houbo unha importante base baleeira cun auxe extraordinario a finais do século XV e comezos do XVI. As baleas francas viaxaban dende o Atlántico Norte ao litoral cantábrico para invernarse, nese momento (dende Todos os Santos a Entroido) é cando eran cazadas polos nosos antepasados. Imaxinamos o intre en que un vixía dende unha atalaia albiscaba o chorro

SOMÉRXETE NO RURAL: MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO.

de vapor e auga que lanzan as baleas e daba a voz de alarma, nese momento saían os mariñeiros nas lanchas baleeiras apoiadas por un galeón. Os cetáceos eran cazados con arpóns, logo trincábanos colocando dúas lanchas ao seu carón e trasladábanos a terra. Aquí mesmo, no Portiño, había cabanas onde gardaban os arpóns, cordas e outros aparellos; tamén había fornos ou caldeiras para derreter a graxa e depósitos para conservar o aceite. Comercializaban as barbas (para facer xustillos, baleas de abano e mangos de coitelo), o aceite e a carne salgada, esta última era case sempre utilizada como pagamento á xente do lugar que viña axudar ao despece da balea (facían unha especie de chacina).

Na entrada do porto de Nois, fixámonos na antiga fábrica de salazón que está en moi mal estado de conservación. Recordamos a importancia do sal na antigüidade para a conservación de alimentos e coñecemos de que maneira conservaban as sardiñas pescadas nesta zona: escabezándoas e eviscerándoas e logo poñéndoas en pilos con sal durante 24 horas; os restos do proceso utilizábase no campo como fertilizantes. No século XVIII este proceso industrializouse con factorías como a que estamos a ver.

Continuamos o paseo e paramos nun lavadoiro no barrio onde se atopa o noso colexio: Fondo Nois. Este lavadoiro foi feito no século pasado e está a uns metros da igrexa parroquial, colle as augas dun regato que atravesa toda a parroquia dividíndoa en dúas partes case iguais e que nace nos Montes de Lagoa e desemboca no porto de Nois. Recordamos que este lavadoiro se utilizaba para lavar a roupa e as tripas dos porcos no tempo de matanza, así como de lugar de reunión e entretemento das mulleres do lugar. Nós aproveitamos tamén para nos divertir facendo carreiras de lanchiñas elaboradas polo alumnado con materiais naturais.

De volta ao colexio vemos á dereita as praias das Policas e de Polas e quedan para a próxima saída.

SAÍDA DE 3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA (31/03/23):

A praia de As Polas está situada a uns 350 metros do noso centro sendo un recurso natural que nos gusta aproveitar con frecuencia para traballar a motricidade, os xogos ao aire libre, creacións artísticas, o traballo en equipo, a concienciación sobre a recollida de lixo...

Nesta xornada o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria gozaron dunha experiencia moi enriquecedora coa realización de diferentes actividades de lecer e de convivencia. Entre elas:

Xogo libre na area experimentando co seu propio corpo en movemento.

Realización de acrobacias e figuras de forma individual e en equipo.

Creacións artísticas con elementos naturais (area, algas, pedras...).

De novo voltamos a interpretar o noso himno todo o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria.